

6 o traballo nas telleiras



Cuadrilla nunha telleira de Cateira

Os traballadores da telleira estaban organizados nunha CUADRILLA formada por un mínimo de cinco persoas na que cada unha tiña a súa función:

- OFICIAL: responsable da elaboración das pezas.
- PIEIRO ou AMASADOR: encargado de amasar o barro na pía.
- CARRETILLEIRO: encargado de levar o barro da pía ao oficial e de transportar o material da eira para o pallete nas carretas.
- TENDEADOR: levaba as pezas desde o banco ou máquina ata a eira, para polas a secar. Xeralmente eran rapaces novos porque tiñan que moverse moito e ter axilidade.
- COCEDOR: encargado de manter o forno e vixiar a cocedura do material.
- SERVICIEIROS ou ASENTADORES: axudaban en tarefas diversas: acarrexar material, encañar e desencañar o forno...

Algúns oficios eran fixos, como os dos oficiais, tendedores (igual número dos dous) e pieiro. Outros cambiaban segundo as necesidades.



Oficial e tendedor na telleira de Manuel González (O Facho-Castro, 1982)

EXTRACCIÓN DO BARRO

Podían facelo os propios telleiros antes de comezar a tempada de traballo ou mercarlllo ás persoas que se adicaban á súa extracción. Os pañóns ou lingotes do barro arrancábanse con eixadas e picochas e transportábanse en tinas, á cabeza, en carretas ou en carros.

Na enseada do Umia o barro extraíase ademais do fondo do mar aproveitando as secas. Ás veces traballábase mesmo con auga, rodeando o espazo de traballo cunha caixonada, e facíase o transporte en lanchas.



Barreira en Vilalonga.



Pozas de antigos barreiros en Vilalonga.





Mulleres carrexando barro nunha barreira de Vilalonga.

Nunha seca un equipo de homes podía facer pozos de ata seis m de fondo e sacar de 10 a 15 toneladas de barro.



Extracción de barro para as fábricas de Vilalonga. A mediados do século XX comezaronse a usar grás para cargar o barro e bombas para achicar a auga dos pozos.



Cala: vara metálica de 2 a 3 m de lonxitude que se introducía no terreo para localizar os xacementos de barro.

Mazo

Picocha ou cavador

Eixada

Tina

Caixonada